



CONCELLO DA LARACHA

NORMAS DE FUNCIONAMENTO DA AULA LÚDICA

1.- Para a utilización da Aula Lúdica é requisito imprescindible o empadroamento das persoas usuarias no Concello da Laracha.

2.- A Aula Lúdica está destinada as nenas e nenos de idades comprendidas entre os 3 e os 12 anos.

3.- O servizo prestarase durante de luns a venres, agás festivos, co seguinte horario de atención:

	Horario de mañá	Horario de tarde
Período escolar		De 16:30 a 20:30 h.
Verán	De 9:00 a 14:00 h.	
Nadal	De 9:00 a 14:00 h.	De 16:30 a 20:30 h
Semana Santa	De 9:00 a 14:00 h.	De 16:30 a 20:30 h

4.- A solicitude de inscrición para o acceso ao servizo realizarase no Concello da Laracha, no modelo normalizado que existe para tal fin, xunto coa documentación exixida e que figura na solicitude.

5.- Fíxase un **prazo de inscrición** para a solicitude de praza para o acceso á Aula Lúdica, que remata **unha semana antes** do inicio do curso escolar ou das vacacións de Nadal, Entroido e Semana Santa. Unha vez rematado o prazo de inscrición para a solicitude de praza e no suposto de que se presenten máis solicitudes que prazas dispoñibles realizarase unha baremación segundo os criterios fixados no punto 7. Finalizado este prazo de inscrición, poderán presentarse solicitudes con posterioridade, tendo en conta que, no suposto de que o grupo xa contara co máximo de alumnas/os, a/o solicitante será incluída/o na lista de espera.

Para utilizar o servizo de Aula Lúdica no Nadal, Entroido, Semana Santa é necesario facer unha solicitude de praza debido aos cambios de horario. Podendo realizar a solicitude no mesmo momento da inscrición para o curso escolar, se é o caso.

6.- Para o acceso á **Aula Lúdica no verán** ábrese un prazo específico de inscrición para a solicitude de praza que abarca desde o **1 de maio ata o 15 de xuño**. Unha vez rematado o prazo de inscrición para a solicitude de praza e no suposto de que se presenten máis solicitudes que prazas dispoñibles realizarase unha baremación segundo os criterios fixados no punto 7. Finalizado este prazo de inscrición, poderán presentarse solicitudes con posterioridade, tendo en conta que, no suposto de que o grupo xa contara co máximo de alumnas/os, a/o solicitante sería incluída/o na lista de espera.

7.- Os criterios de baremación serán os seguintes: a selección das/os participantes efectuarase en función das necesidades de conciliación, mediante a que se avaliarán en primeiro lugar as circunstancias laborais da unidade familiar, xustificadas a través do informe de vida laboral expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social, e a continuación outras situacións sociofamiliares e persoais que precisen dunha medida de apoio á conciliación da vida persoal, familiar e laboral, avaladas mediante documentación xustificativa da situación que aleguen ou informe do departamento de servizos sociais do Concello.

8.- Existen tres modalidades de solicitude: **1. Todos os días**, **2. Días soltos**, e **3. Utilización do servizo ocasionalmente**. En todas as modalidades existe a opción de utilizar o servizo en horario completo ou en horario reducido.

9.- A utilización do servizo ocasionalmente refírese á utilización do mesmo de xeito esporádico e puntual. Os usos ocasionais están condicionados ao número de prazas dispoñibles nese momento.

10.- A alta, baixa ou modificación da modalidade de utilización do servizo deberá ser notificada por escrito ao Concello da Laracha.

11.- O proxecto Aula Lúdica comprende os seguintes servizos:

- a) Servizo de acollida e vixilancia das/os participantes.
- b) Realización de actividades.

12.- Serán causa de extinción do servizo e baixa no mesmo as seguintes:

- a) Incumprimento dos requisitos establecidos.
- b) Incumprimento das normas de convivencia establecidas.
- c) Por solicitude da/o nai/pai ou representantes legais.
- d) A comprobación de falsidade na documentación achegada.
- e) A falta de asistencia durante un mes sen causa xustificada.

A Laracha, 22 de xuño de 2018